



**Resolución do 20 de maio de 2021 da Dirección xeral da Academia Galega de Seguridade Pública de convocatoria á elección de praza proceso selectivo para o acceso e ingreso nos corpos da Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de policía, quenda de acceso libre**

De conformidade co establecido na base 9 da Orde de 8 de xullo de 2020 (DOG núm. 137, del 10 de xullo de 2020)

**RESOLVO**

**Primeiro.:** Convocar as persoas aprobadas de acordo co anexo I da resolución do 20 de maio de 2021 do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o acceso e ingreso nos corpos da Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de policía, quenda de acceso libre, publicada na páxina Web da Agasp e que se achega como anexo a esta resolución, á reunión presencial para elixir praza por rigorosa orde da puntuación obtida neste proceso selectivo que terá **lugar o día 21 de maio de 2021 as 16:00 horas no salón de actos da Agasp.**

Por mor das restricións establecidas pola Covid19, non se permite a asistencia de acompañantes a este acto nin público a este acto.

**Segundo.:** A concorrencia por parte das persoas aprobadas a esta reunión é obrigatoria nos mesmos termos e coas mesmas excepcións que se aplican á obriga de acudir ás probas das oposicións consonte o artigo 12 do Decreto 243/2008. Ás persoas aprobadas que, estando obrigadas, non comparezan persoalmente ou por medio de representante seranlles adxudicadas as prazas que lles correspondan segundo a puntuación obtida no proceso selectivo, unha vez concluído o proceso de adxudicación daquelas ás persoas aprobadas presentes ou representadas, entre as que quedasen sen adxudicar.





Asignadas as prazas de acordo co previsto nesta base, a Dirección da Agasp publicará na súa páxina Web a relación destas co nome das persoas ás cales foron adxudicadas e comunicaralles os datos destas aos concellos que correspondan, xunto coa data prevista para o comezo do preceptivo curso selectivo de formación e a documentación precisa que acredita o cumprimento dos requisitos esixidos para o seu nomeamento como funcionarios/as en prácticas.

A partir do día seguinte ao da publicación da adxudicación das prazas, as persoas ás que se lles adxudicasen disporán dun prazo de cinco días hábiles para a presentación ante o concello aos efectos que correspondan.

As persoas aspirantes que dentro do prazo fixado, agás os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou do exame dela se deducise que carecen dalgún dos requisitos non poderán ser nomeadas persoal funcionario en prácticas e quedarán sen efecto as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorresen por falsidade na solicitude inicial.

**Quinto.:** Esta resolución, segundo o indicado no artigo 17 da Lai 1/2017, de 15 de xaneiro, da Academia Galega de Seguridade Pública, esgota a vía administrativa e poderá ser obxecto de recurso de reposición ou ser impugnada directamente ante a orde xurisdicional contencioso – administrativa.

A Estrada, 20 de maio de 2021

Santiago Villanueva Álvarez

Director xeral da Agasp

